

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 3 DE AGOSTO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a tres de agosto de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as once horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 29 de xullo de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE

— José Manuel Diéguez Osorio

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de inicio de actividade, presentada con data 18 de xaneiro de 2022 (RE-E núm. 26), coas seguintes características:

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	JOSÉ MANUEL DIÉGUEZ OSORIO
DNI	██████████

DOMICILIO	LUGAR DE RODEIRO, PARROQUIA DE RODEIRO
-----------	--

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	ALMACÉN DE MAQUINARIA AGRÍCOLA
REFERENCIA CATASTRAL PARCELAS	36047A105002370000LD 36047A105002380000LX
LUGAR	AS POBANZAS
PARROQUIA	SAN PAIO DE SENRA
LICENZA URBANÍSTICA	SI (ACORDO XGL DO 09/04/21)
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO

Consta asemade no expediente, entre outras, a seguinte documentación preceptiva:

- Certificación final de obra e anexos asinados polo enxeñeiro técnico agrícola Don José Luís Lamas Carral (visado colexial núm. ██████████, do 14/01/22, e anexos de datas 01/04/22 e 20/06/22).
- Acta de comprobación favorable de data 27/07/22.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido no artigo 24.2 da LECG e no artigo 15.1 do RIAE.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio da actividade e a apertura do establecemento, e faculta ao Concello para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

Terceiro.- O Concello poderá exercer en calquera momento as facultades de inspección da instalación ao obxecto de velar polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación de aplicación, de conformidade co previsto no artigo 82 e seguintes do RIAE.

Cuarto.- O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao Concello para a súa declaración logo de audiencia do interesado.

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

3.- CONCESIÓN DE TARXETAS DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MINUSVALIDEZ

A/

VISTA a solicitude presentada por Dona Manuela Varela Vázquez (RE núm. 1084, do 28/06/22), e a proposta de resolución emitida con data 29/07/22 pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Dona MANUELA VARELA VÁZQUEZ, con DNI núm. ██████████, veciña do lugar de Mamoelas, parroquia de San Cristovo do Az.

B/

VISTA a solicitude presentada por Dona Eva Vázquez Doval (RE núm. 1254, do 29/07/22), e a proposta de resolución emitida con data 29/07/22 pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda a concesión

da devandita tarxeta a favor de Dona EVA VÁZQUEZ DOVAL, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar de Agrochouso, parroquia de San Salvador de Camba.

4.- INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO PARA “ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO PARA DIVERSOS SERVIZOS MUNICIPAIS”, INCLUÍDO NO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL (FCA) 2022

O Sr. alcalde informa aos Sres. concelleiros asistentes que, por acordo deste órgano adoptado na sesión celebrada o día 25 de febreiro de 2022, foi solicitada á Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo unha subvención por importe de 32.061,14 €, con destino ao equipamento denominado “Adquisición de vehículo para diversos servizos municipais”, ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2021 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2022, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 16, do 25/01/22).

Por Resolución da directora xeral de Administración Local, de data 15/06/22, concédese a axuda solicitada.

Xa que logo, dispoñendo xa do financiamento necesario para a realización da obra, cómpre proceder ao inicio do correspondente expediente de contratación, segundo a normativa establecida na lexislación de contratos das Administracións Públicas.

A motivación del presente contrato vén fundamentada nas competencias propias que ostenta o Concello en materia de “*medio ambiente urbano*” e outros servizos básicos de competencia municipal, establecidas na letra b) do artigo 25.2 e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL). Asemade, mótivase o acordo na necesidade de cumprir o obxecto da subvención concedida para tal fin pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental (FCA) 2022.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, de conformidade co establecido no artigo 116 da LCSP, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Iniciar o correspondente expediente de contratación do contrato de subministro de “ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO PARA DIVERSOS SERVICIOS MUNICIPAIS”, de conformidade coa memoria explicativa redactada no seu día pola Alcaldía, para a súa posterior aprobación por este órgano, incorporando ao mesmo os documentos legalmente esixibles.

Segundo.- Determinar o procedemento de adxudicación como aberto simplificado sumario, de conformidade co previsto no artigo 159.6 da LCSP, con varios criterios de adxudicación.

5.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA AVIADOR GUMERSINDO AREÁN”, INCLUÍDA NO PROGRAMA REACPON E NO PLAN CONCELLOS 2022

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 29 de xullo do corrente adoptou acordo de inicio do expediente de contratación da obra denominada “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA AVIADOR GUMERSINDO AREÁN”. En virtude do acordado, e de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), incorporáronse ao expediente os seguintes documentos:

- Acta de trazado previo, asinada con data 21 de outubro de 2021.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, informado de xeito favorable pola Secretaría municipal.
- Certificación de existencia de crédito expedida pola Intervención municipal.

Xa que logo, debidamente informados e de conformidade co establecido no artigo 117 da LCSP, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da obra de “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA AVIADOR GUMERSINDO AREÁN”.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación.

Terceiro.- Aprobar o correspondente gasto, por importe de 449.761,32 €, con cargo á partida correspondente do orzamento xeral en vigor.

Cuarto.- Iniciar o procedemento de adxudicación da obra, publicando o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello, de conformidade co disposto no artigo 135 e concordantes da LCSP.

6.- CONTRATACIÓNS LABORAIS PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORAS POR GOCE DE VACACIÓNS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Laura Eiriz Sobrado e Dona Rosa Castro Rey, traballadoras laborais do Concello en prazas de auxiliar de axuda no fogar, teñen solicitado o goce parcial das súas vacacións anuais en diferentes datas do mes de agosto de 2022. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente duns/dunhas novos/as traballadores/as que presten os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que as contratacións propostas non contradín a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2022, establecida no artigo 20.Catro da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que os postos de traballo deberan ser provistos nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia das contratacións, non se

considera aconsellable realizar unha convocatoria pública das mesmas, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas interinidades ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliares de axuda no fogar, mediante un contrato de substitución ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores e artigo 4 do RD 2720/1998, do 18 de decembro, das seguintes traballadoras:

- ✓ LOURDES NOEMÍ COLLANTE ZELADA, con DNI núm. [REDACTED], a tempo parcial (15 horas/semana), entre os días 6 e 21 de agosto de 2022, ambos inclusive, en substitución de Rosa Castro Rey.
- ✓ ROSA GALEGO SÁNCHEZ, con DNI núm. [REDACTED], a tempo parcial (25 horas/semana), entre os días 8 e 19 de agosto de 2022, ambos inclusive, en substitución de Laura Eiriz Sobrado.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

7.- ALTA DE USUARIA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR BENEFICIARIO DA LEI 39/2006, DO 14 DE DECEMBRO, DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

A existencia de dispoñibilidade horaria no servizo municipal de axuda no fogar permite acordar unha nova alta de usuaria de dito servizo segundo a prioridade establecida no Programa de Asignación de Recursos (PAR) xestionado pola Consellería de Política Social, e que se adapte ao número de horas dispoñibles no PIA a prestar, cumprindo ditas circunstancias nesta data Dona Esther Costa Fernández.

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe emitido pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez en data 02/08/22, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos

Sres. concelleiros asistentes, acorda dar de alta no servizo de axuda no fogar da Lei de Dependencia á seguinte usuaria:

NOME E APELIDOS: Esther Costa Fernández

DNI: ██████████

DOMICILIO: Lugar de Cristimil, parroquia de San Cristovo do Az

VALORACIÓN: ██████████

NATUREZA DO SERVIZO: Axuda no Fogar, modalidade recurso idóneo

PARTICIPACIÓN NO CUSTE DO SERVIZO: 1,42 €/hora

8.- ALTA DE USUARIO NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI), CURSO 2022-2023

VISTA a instancia presentada por Dona Alba Lucía Sejoso Borrazas, con DNI núm. ██████████, veciña do lugar do Couto, parroquia do Salto (RE núm. 1241, do 28/07/22), pola que solicita a alta do seu fillo Pedro González Sejoso como usuario do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2022-2023, en xornada parcial de tarde.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe favorable emitido, con data 29/07/22, pola directora do PAI Dona Raquel Blanco Valladares, no que acredita que a solicitude cumpre cos requisitos esixidos así como a existencia de prazas vacantes na quenda solicitada, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda proceder á alta, como usuario do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2022-2023, do menor PEDRO GONZÁLEZ SEIJOSO, en xornada parcial de tarde, con data de efectos do día 1 de setembro de 2022, condicionada á presentación da documentación correspondente ás circunstancias sanitarias do usuario esixida no artigo 9 do Regulamento de organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia (BOP núm. 180, do 17/09/21).

9.- SOLICITUDES E INSTANCIAS

- Comisión de festas da parroquia de Arnego

VISTO o escrito presentado por Don JESÚS NIETO MARCOS, veciño do lugar de Padín, parroquia de Arnego (RE núm. 1263, do 01/08/22), polo que, na representación de Comisión de festas da parroquia de Santiago de Arnego, solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais

celebradas os pasados días 25 e 26 de xullo do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €).

10.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 12.302,97 €
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de xuño de 2022, s/recibos.
- NATURGY IBERIA S.A. 4.321,00 €
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de xuño de 2022, s/recibos.
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 17,40 €, 69,39 € E 64,30 €
Por consumos dos teléfonos das dependencias municipais, s/facturas núm. TA6Y10001231, TA6Y10001250 e TA6Y10001251 (FACe).
- SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A. 59,05 €
Por taxa de ITV do camión de recollida do lixo, s/factura núm. 361322FC0004920.
- LÓPEZ Y NOYA ARQUITECTURA URBANISMO S.L.P. 4.114,00 €
Honorarios por dirección facultativa da obra de “Construción dun edificio polivalente para uso asistencial – Fase III”, s/factura núm. 382022 (FACe).
- PROMOVE XESTIÓN TÉCNICA S.L.P. 4.114,00 € E 1.415,70 €
Honorarios por dirección de execución e coordinación en materia de seguridade e saúde da obra de “Construción dun edificio polivalente para uso asistencial – Fase III”, s/facturas núm. PXT 22-053 e PXT 22-054 (FACe).

- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 49,43 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de xuño de 2022, s/factura núm. 22FNX0113633 (FACe).
- SOCISER GALICIA S.L.U. 110,57 €
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de libre concorrancia, no mes de xuño de 2022, s/factura núm. 22A/00082 (FACe).
- SOCISER GALICIA S.L.U. 6.026,63 €
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de dependencia, no mes de xuño de 2022, s/factura núm. 22A/00083 (FACe).
- COSAPLAG S.L.U. 308,55 €
Por tratamentos de desinfección do Centro de Saúde para a crise sanitaria do COVID-19, s/factura núm. 20221806.
- RODOIL S.L. 137,76 €
Por subministro de combustible ao vehículo da AVPC no mes de xuño de 2022, s/factura núm. 2022/22000265 (FACe).
- RODOIL S.L. 94,29 €, 165,43 €, 85,81 €, 272,11 €, 676,24 €, 133,51 €, E 379,87 €
Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras no mes de xuño de 2022, s/facturas núm. 2022/22000266, 2022/22000267, 2022/22000268, 2022/22000269, 2022/22000270, 2022/22000271 e 2022/22000272 (FACe).
- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 4.734,25 €
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de maio de 2022, s/factura núm. 2022/1664 (FACe).
- FRANCISCO JOSÉ OTERO GUTIÉRREZ 250,00 €
Por realización de espectáculo de maxia dentro do programa “*Ler conta moito*”, s/factura núm. 29 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as once horas cincuenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde,
(sinatura dixital)